

**DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**C E R T I F I C O :** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“13. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024040638). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Política Social e Inclusion, que textualmente di:

“A Xunta de Goberno Local na súa reunión de data 13/02/2024 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2024-2026 (en adiante PES) en cumprimento da obriga recollida no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O artigo 12.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que: “ Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidade presupustarias de cada exercicio”

A proposta formulada afecta á LIÑA ESTRATÉXICA 2.1 POLÍTICA SOCIAL E INCLUSIÓN do PES 2024-2026 e consiste no incremento dos custos previsibles: aplicación orzamentaria 04001-2315-48000 que se verían incrementados en 10.000 euros, pasando, por tanto de 76.100 € a 86.100 €. Isto é debido a inclusión dunha nova subvención nominativa proposta para O Parrulo co obxectivo de Fútbol sala inclusivo para persoas con discapacidade no ámbito da saúde mental, dentro da liña de apoio ao deporte inclusivo.

O apartado 6 do PES 2024-2026 do Concello de Ferrol, establece que:

(..)”O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así o período 2024-2026, sen

prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando outras.

(...) Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, bon polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución de obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Tamén indica que:

(...)”Doutra banda das modificacións orzamentarias que pretendesen introducir algunha das liñas de subvención non prevista no presente PES, debería previa ou simultaneamente modificarse este.”

**Normativa**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP 200, de 21/10/2019) modificada (BOP núm. 191 do 03/10/2024)
- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 (BOP núm. 39 do 23/02/2024)

A competencia para a aprobación das modificacións do PES correspóndenlle á Xunta de Goberno Local a proposta do/da responsable da área afectada, en virtude do acordo de data 22/01/2024 (BOP núm. 23 do 31/1/2024) e do apartado 4 do PES 2024-2026.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación da LIÑA ESTRATÉXICA 2.1 POLÍTICA SOCIAL E INCLUSIÓN do PES 2024-2026 consistente no incremento dos custos previsibles en 10.000€, de 76.100 € a 86.100 €, con cargo a aplicación orzamentaria 04001-2315-48000, para incluír unha nova subvención nominativa á entidade O Parrulo co obxectivo de desenvolver a actividade de fútbol sala inclusivo para persoas con discapacidade no ámbito da saúde mental, dentro da liña de apoio ao deporte inclusivo.

**Segundo.-** Dar publicidade desta modificación do PES 2024-2026 do Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 18 de novembro de 2024

Vº e Pr

ALCALDE

O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Rey Varela

Javier Pastor Díaz Mosquera